

Estatística de edificación e vivenda COMUNICADO

Licencias para 25.700 vivendas no ano 2002

No ano 2002 os distintos concellos de Galicia concederon 8.600 licencias de edificación, das que 6.680 son para construír edificios de nova planta e o resto rehabilitacións e demolicións.

Número de edificios segundo destino principal. Ano 2002

	Destinados a vivenda/s	A residencia colectiva	Non residenciais	Total	
				Edificios	%
A CORUÑA	3.549	14	316	3.879	48,2
LUGO	820	3	193	1.016	12,6
OURENSE	701	3	54	758	9,4
PONTEVEDRA	2.246	12	141	2.399	29,8
GALICIA	7.316	32	704	8.052	100,0

A actividade de edificación supón a creación de 24.657 vivendas netas, das que a provincia de A Coruña absorbe o 44,5% seguida de Pontevedra co 33,8%. Unha de cada tres vivendas sería de tipoloxía unifamiliar.

Número de vivendas netas (novas + rehabilitadas – demolidas) Ano 2002


	Novas, en unifamiliar	Novas (resto)	Rehabilitación	Demolición	Total vivendas netas	
A CORUÑA	3.111	8.061	333	525	10.980	44,5%
LUGO	693	2399	49	70	3.071	12,5%
OURENSE	585	1692	70	75	2.272	9,2%
PONTEVEDRA	1.912	6.335	246	159	8.334	33,8%
GALICIA	6.301	18.487	698	829	24.657	100,0%

Parece así recuperarse a escalada iniciada a finais dos anos 90s e que no 2001 presentara un certo descenso. Os datos de 2002 reflicten o segundo mellor dato histórico, aínda que sen acadar os niveis do 2000 no que se concederan licencias para 30.136 vivendas, 5.500 máis que no 2002 que ven de rematar.

Número de viviendas netas. Anos 2000-2001-2002

	2000	2001	2002
A CORUÑA	15.633	9.756	10.980
LUGO	3.660	2.691	3.071
OURENSE	2.878	2.436	2.272
PONTEVEDRA	7.965	7.582	8.334
GALICIA	30.136	22.465	24.657

As licencias de edificación concedidas no período 1990-2002 supoñen a construción de 239.000 novas vivendas, 10.900 rehabilitadas e 8.100 demolidas, co que o parque neto tería aumentado en 241.800.



A Estatística de Edificación e Vivenda, elaborada polo IGE en colaboración co Ministerio de Fomento e publicada na *páxina web* do organismo estatístico da Comunidade Autónoma permite seguila evolución do conxunto da actividade de edificación a partir das licencias municipais. O carácter previo das licencias converte a esta operación estatística nunha valiosa ferramenta de previsión da actividade económica. Ademais da relativa a vivendas, proporciona outra información sobre edificación residencial colectiva e a dedicada a usos non residenciais por sectores de actividade.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es